

ACTA DA 1ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 15 DE OUTUBRO DE 2018 DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DA OBRA “PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS - PDR 2018”

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial do Concello da Estrada, sendo as 10:06 horas, do día 15 de outubro de 2018, reúnense os integrantes da Mesa de Contratación que se constitúe para proceder á apertura do sobre único correspondente ao contrato da obra “Plan de Mellora de Camiños - PDR 2018”, que son:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde D. José C. López Campos.

VOGAIS:

- Dona Lucía Artime Alonso, Secretaria Municipal
- Dona Rosa María Méndez Aragunde, Interventora Accidental
- D. Daniel Orrea Corral, Arquitecto Técnico Municipal
- Non asiste D. Xosé Magariños Maceiras, Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego.

SECRETARIA DA MESA: Dna. María Jesusa Fernández Bascuas, Administrativo do Arquivo Municipal, adscrita ao Departamento de Secretaría.

Constituída a Mesa, dáse conta das empresas que presentaron oferta dentro do prazo establecido, e que son as seguintes:

- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS S.L.
- MANTENIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L. (MARCONSA).
- NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U.
- HORDESCÓN S.L.
- NEMESIO ORDOÑEZ (NOSA).
- TABOADA Y RAMOS S.L.
- MISTURAS S.A.
- ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS S.L.
- CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS S.A. (COVSA).

Fora de prazo:

- NAROM S.L.: Foi recibido FAX de aviso de imposición en correos da oferta con data 02/10/2018 ás 13:12:01 horas, Tendo en conta que o prazo de presentación de ofertas era de 20 días naturais, e que segundo o anuncio de licitación publicado no Perfil do Contratante do Concello, iniciouse o día 12 de setembro e rematou o día 02 de outubro de 2018, e o abeiro do disposto na Cláusula 15 dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen a licitación, a forma de presentación das oferta é no Rexistro Xeral do Concello da Estrada dentro do prazo establecido. Polo tanto a oferta tivo entrada no Concello en data posterior ao remate do prazo. En base a todo o exposto a Mesa acorda, por unanimidade, excluir á empresa NARON S.L., por presentar a súa oferta fora do prazo establecido ao efecto.

De seguido procedese a apertura do arquivo que recolle a Documentación Administrativa (ao non ter aínda implatada a licitación electrónica non se fai comprobación da inscrición dos licitadores no ROLECE), e unha vez examinda a mesma, comprobouse que:

- As empresas ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS S.L., TABOADA Y RAMOS S.L. e CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS S.A. (COVSA) cumpren cos requisistos esixidos.

- As empresas CONSTRUCCIONES E.C. CASAS S.L, HORDESCÓN S.L. (que a maiores deberá presentar asinada electronicamente a Declaración Responsable) , NEMESIO ORDOÑEZ (NOSA), MISTURAS S.A. e NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U., non presentan a Declaración de Confidencialidade do Anexo VIII requerido na cláusula 16 do PCAP., polo que se acorda requirir as devanditas empresas para que o aporten no prazo de tres días hábiles a contar desde a recepción da notificación.

- A empresa MANTENIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L. (MARCONSA).

Presentou a documentación incumprindo a Cláusula 16 do PCAP, que esixe a presentación de un sobre único con dous arquivos, polo que a Mesa, por unanimidade, acorda excluir a devandita empresa da licitación.

Unha vez transcorrido o prazo de subsanación fixado, a Mesa de Contratación voltará a reunirse para valorar a documentación presentada, e en función de se dita xustificación se considera suficiente, a Mesa de Contratación determinará a súa admisión para continuar nesta licitación, e proceder a valorar as ofertas.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado este acto sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do día do seu comezo.

O PRESIDENTE DA MESA,

A SECRETARIA DA MESA,

(documento asinado electrónicamente á marxe)